

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua castelá e literatura II	2º Bac.	3	87

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

O propósito da materia de Lingua Castelá e Literatura II en segundo de bacharelato oríentase tanto á eficacia comunicativa na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal, como a favorecer o uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos, e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura en bacharelato marcan unha progresión con respecto aos da educación secundaria obrigatoria, dos que se parte nesta nova etapa. O afondamento con respecto á ESO consiste nunha maior conciencia teórica e metodolóxica para analizar a realidade, así como na mobilización dun conxunto maior de coñecementos, articulados a través de instrumentos de análise que axuden a construír e a estruturar o coñecemento explícito sobre os fenómenos lingüísticos e literarios tratados. Propónse tamén favorecer unha aproximación ampla á cultura, que afonde na relación continua entre pasado e presente.

Un dos fins principais desta etapa educativa é que o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social. Na sociedade de información actual en continuo cambio, isto supón ampliar as tarefas da clase de Lingua Castelá e Literatura máis aló das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical mediante a reflexión sobre textos, especialmente literarios.

No século XXI, resulta imprescindible aceptar un novo concepto de alfabetización que implica saber xestionar adecuadamente o inxente caudal de información co que nos atopamos. É preciso articular mecanismos que nos permitan obter información pertinente, planificar o mellor modo de comunicala atendendo a unha finalidade e a un contexto concretos, aprender a avaliala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así nun dos obxectivos principais do ensino da lingua. Só o seu logro permitiralles aos cidadáns e ás cidadás participar eficazmente na sociedade do coñecemento. As situacións de aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura deben adestrar o alumnado no uso das ferramentas coas que poderán dar resposta aos retos da sociedade do século XXI, que demanda persoas cultas, críticas e ben informadas.

O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo transdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. Con respecto á competencia literaria, en bacharelato preténdese unha progresiva confluencia entre as modalidades de lectura guiada e lectura autónoma, tanto no relativo aos seus respectivos corpus como ás súas formas de fruición. A adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

A diversidade lingüística da maior parte dos contextos escolares e a innegable necesidade dunha educación plurilingüe para todo o alumnado invita ao tratamento integrado das linguas como o mellor camiño para estimular non só a reflexión interlingüística senón tamén a aproximación aos usos sociais reais, nos que a miúdo se han de manexar simultaneamente dúas ou máis linguas.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. «As linguas e os seus falantes», «Comunicación: comprensión oral e escrita», «Comunicación: expresión oral e escrita», «Educación literaria» e «Reflexión sobre a lingua». Estes cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 2º de bacharelato nas seguintes unidades didácticas:

1. O sentido da vida:

Analizaremos as propiedades textuais, prestando atención aos aspectos relacionados coa cohesión textual; centraremonos nos tipos de textos máis habituais no ámbito académico: os traballos monográficos, os resumos, as presentacións orais e os comentarios críticos, así como os tipos de textos máis frecuentes dos medios de comunicación social, para analizalos desde unha perspectiva crítica.

2. O mundo das palabras:

Estudaremos as categorías gramaticais e a estrutura das palabras; introduciremos as regras que rexen a combinatoria de palabras para constituir unidades superiores: frases e cláusulas simples e complexas e oracións, ademais de repasar as funcións sintácticas. Tamén trataremos os diversos aspectos do significado das palabras e as relacións que se establecen entre elas.

3. Máis aló do mar: Repartida en tres bloques:

a) no que estudaremos os movementos do Realismo e Naturalismo, o Modernismo, Xeneración do 98, así como as traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez e as corrientes literarias desde 1975, dentro da que

descaremos o estudo de Almudena Grandes e a súa obra El lector de Julio Verne.

b) no que estudaremos a Xeneración do 27, centrándonos na figura de Lorca e fundamentalmente na súa obra Romacero gitano, o teatro anterior á guerra civil e a narrativa hispanoamericana de metade do século XX, do que destacaremos a Gabriel García Márquez e a súa obra Crónica de una muerte anunciada.

c) no que estudaremos a poesía, a novela e o teatro de posguerra, centrándonos nas figuras de Alfonso Sastre e Antonio Buero Vallejo e a súa obra La Fundación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural de España e a riqueza dialectal do español, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para refutar os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.	1-5	2-3				1-2		1
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.	2	2	1	2-3	40	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2		
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando tanto a súa calidade como a súa fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	50	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformatala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas.	3			1-2-3-4	40	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto a diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	11			2-31-32
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes da literatura española e hispanoamericana, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-31-32-42
OBX9 - Consolidar e profundar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas, tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.	1-2	2	1-2		50			
OBX10 - Poñer as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e evitando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.	1-5	3		3	31	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As linguas de España e os dialectos do español	Nesta unidade didáctica, trátase de coñecer en profundidade e valorar as linguas de España e as variedades dialectais do español. Mediante a comparación entre as linguas e entre os trazos dos distintos dialectos do español, sensibilizárase sobre a necesidade de refutar prexuízos lingüísticos e sobre a importancia de evitar os usos discriminatorios da lingua.	1	3	X		
2	O sentido da vida	Esta unidade está dedicada ao estudo do texto, as súas propiedades e os tipos de textos, así como á súa análise crítica	20	28	X	X	X
3	O mundo das palabras	Nesta unidade traballaranse os aspectos morfolóxicos, sintácticos e semánticos	39	28	X	X	X
4	Máis aló do mar	Esta unidade dedicáremola a traballar as etapas literarias desde o Realismo ata a actualidade e algúñas obra relevantes relacionadas con estes contidos	40	28	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As linguas de España e os dialectos do español	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros.	O alumnado recoñecerá as linguas de España e os dialectos do español. Será quen de diferenciar os trazos propios das variedades dialectais e os relativos aos sociolectos e aos rexistros.	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	As alumnas e os alumnos deberán detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	No traballo en grupo, os alumnos e as alumnas deberán chegar a acordos de maneira pacífica, mediante o uso dunha argumentación eficaz e o respecto da diversidade de opinións.		
CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	O alumnado deberá identificar e combater os prexuízos e os estereotipos lingüísticos, Analizará tamén o papel dos medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- As linguas de España e os dialectos do español. - Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística. - Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros. - Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española. - Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística. - Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.

UD	Título da UD	Duración
2	O sentido da vida	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos analizando a interacción entre os diferentes códigos.	O alumnado será quen de identificar o sentido global a información relevante en función das necesidades comunicativas en textos orais e multimodais especializados propios de diferentes ámbitos.	PE	80
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será quen de Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos , con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación.		
CA2.4 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado será quen de valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados así como a súa eficacia lingüística.		
CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.	O alumnado será quen de localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes según a súa pertinencia.		
CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacions, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.	O alumnado debe poder avaliar a veracidade de noticias,con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais.		
CA2.7 - Identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado será quen de identificar e solucionar problemas de comprensión lectora.		
CA2.8 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado pode explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor.		
CA2.9 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O discente e capaz de identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados.		
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado e quen de incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo.		
CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.	O alumnado debe poder revisar os propios textos e facer cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.		
CA3.7 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.	As alumnas e alumnos poden utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais especializados avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado debe poder valorar a forma e o contido de textos orais avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada.	TI	20
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza exposicións e argumentación orais formais nas que se observa un alto grado de relevancia académica e se axusta as convencións propias de cada xénero discursivo.		
CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	As alumnas e alumnos participan de maneira activa en equipo e emprega estratexias colaborativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. - Análise dos compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Análise das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación. - Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Alfabetización informacional: procura autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos. - Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

Contidos

- Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Detección e análise das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención á valoración dos tempos verbais.
- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.
- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.
- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Produción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante. Noticias falsas e verificación de feitos.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.

UD	Título da UD	Duración
3	O mundo das palabras	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Elaborar textos cada vez máis complexos nos que se demostre aplicar os coñecementos gramaticais e ortográficos adquiridos e detectar os erros de esta índole noutros textos	PE	80
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado deberá prestar especial atención aos procedementos gramaticais existentes para enriquecer os propios textos		
CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado recoñecerá as funcións sintácticas da cláusula simple ou complexa, estrutura coordinada ou oración e solucionará problemas de comprensión analizando as relacións entre a estrutura sintáctica e semántica das construcións.		
CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado explicará as interconexión entre os niveis morfolóxico, sintáctico e semántico mediante a observación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.		
CA5.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado prestará especial atención ás diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e escrita atendendo a aspectos léxicos e pragmáticos	TI	20
CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado será quen de explicar a relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica da cláusula simple ou complexa, oración e estrutura coordinada en función do propósito comunicativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais. - Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios. - Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.

Contidos

- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

UD	Título da UD	Duración
4	Máis aló do mar	28

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado deberá mostrar a comprensión do sentido global e a relación das partes dos textos literarios seleccionados.	PE	80
CA3.3 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle, e de redacción e revisión de borradores entre iguais ou utilizando outros instrumentos de consulta.	O alumnado deberá mostrar unha expresión escrita axeitada, elaborando escritos adecuados, con corrección idiomática, coherentes e ben cohesionados nos que mostren os seus coñecementos acerca dos aspectos literarios traballados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social que impliquen organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	O alumnado terá que ser capaz de realizar un traballo de investigación sobre algún aspecto literario, no que se valorará a fiabilidade da información, a calidade, a corrección expresiva, a adecuación, coherencia e cohesión e a relación coas aprendizaxes adquiridas na clase.		
CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	O alumnado será quen de elixir e ler de forma autónoma textos relevantes vinculados á literatura estudada e expresar de xeito argumentado os motivos da súa elección e experiencia lectora.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	O alumnado será capaz de interpretar correctamente os textos lidos, vinculándoos ao contexto da obra, á tradición literaria á que pertence e ás características dos xéneros e subxéneros estudados.		
CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado elaborará traballos de investigación sobre temas vinculados á literatura estudada. Valorarase a pertinencia da análise temática formal e a relación con outras expresións artísticas.		
CA4.5 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado usará dicionarios e manuais de consulta para revisar, corrixir e mellorar os textos propios desde o punto de vista ortográfico, gramatical e léxico, solventando problemas de comprensión.		
CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado deberá detectar e rexeitar os usos discriminatorios na linguaxe verbal e non verbal.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais extensas e nas que se recollan diferentes puntos de vista, con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo e facelo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado deberá ser capaz de mostrar a súa capacidade de expresión oral en temas literarios, nos que demostre preparación previa e corrección na linguaxe verbal, ademais de control sobre os recursos non verbais.	TI	20
CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	O alumnado será capaz de trasladar a análise de textos procedentes da literatura estudada, expresando axeitadamente as súas claves interpretativas e comparándoas con outras expresións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. Valoración da forma e do contido do texto. - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Análise das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e da súa aplicación nos textos. - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo. - Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais. - Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos. - Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal. - Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. - Produción oral formal: planificación e procura de información, redacción e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. - Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. - Alfabetización informacional: reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. A xestión de contidos, o almacenamento e a recuperación da información relevante.

Contidos

- Noticias falsas e verificación de feitos.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Lingua Castelá e Literatura no bacharelato pretende desenvolver o pensamento de carácter abstracto e formal, ademais de afianzar as capacidades e destrezas de índole persoal, social e académica, favorecendo a autonomía do alumnado e, ao mesmo tempo, estimulando as súas destrezas para o traballo en equipo. Este enfoque metodolóxico está baseado fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas.

Polo tanto, o currículo da materia propicia o acceso directo ao coñecemento por parte do alumnado, sen necesidade de que o profesor ou profesora adopte o rol de transmisor ou formador único, outorgando unha maior importancia á indagación, á consulta e selección da información e ao tratamento e transformación desta en coñecemento a través do emprego das TIC, como fontes de acceso ao saber e como ferramentas de presentación de traballos, respectando as convencións da tipoloxía textual utilizada. Esta perspectiva procura capacitar o alumnado para aprender a aprender, realizando as inferencias necesarias, achegándose ao coñecemento dos distintos xéneros e movementos

literarios, vinculándoos con outras expresións artísticas e establecendo as asociacións pertinentes entre os diferentes elementos que conforman o sistema lingüístico.

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible conferirlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, vincular e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a enriquecer os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen, ademais, a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado, baseados en contextos auténticos e recoñecibles, que reforcen o seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Estes principios han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido. Polo tanto, planificarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades complexas a partir de textos extraídos do ámbito académico, de forma que o alumnado deba empregar un amplo abano de recursos e saberes para poder afrontar con eficacia as situacións comunicativas propostas, favorecendo o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas.

3) Emprego de estratexias para traballar transversalmente a comprensión e a recomendación lectora a través da expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e o fomento da creatividade:

- Lectura autónoma de obras relevantes da literatura universal para suscitar reflexión e debate sobre a experiencia lectora de cada alumno ou alumna, establecendo vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos, autores e autoras, tópicos e manifestacións artísticas e culturais.

- Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información relevante, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta e completa comprensión, recoñecer a relación entre a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura interna e externa e interpretar os fragmentos propostos, tendo en conta as súas características formais e temáticas.

- Lectura dixital (e-book, blogues, foros, wikis e textos procedentes das redes sociais), para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para asimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

- Lectura guiada, comprensiva e expresiva de textos pertencentes á literatura desde 1875 ata a actualidade, para a identificación de itinerarios temáticos e xenéricos, a análise dos seus elementos constitutivos, os seus efectos no receptor, a localización da información sociohistórica, cultural e artística asociada á tradición literaria á que representa e os seus vínculos intertextuais.

- Configuración de grupos de traballo colaborativos para o desenvolvemento de actividades que vinculen as obras lidas con certos aspectos da literatura, a historia, a sociedade e a actualidade, outros textos e manifestacións artísticas e culturais. A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse REA, actividades de gamificación, catálogos ou menús literarios, produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura e coloquios literarios, entre outros.

- Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través dunha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios referidos á forma e ao contido dos fragmentos propostos, vinculándoos temática e/ou estilisticamente con outras expresións ou manifestacións artísticas.

8) Creación de textos con intención literaria e conciencia de estilo a partir de modelos dados ou de discursos non literarios, en distintos soportes, respectando os diferentes moldes xenéricos.

9) Deseño de proxectos de investigación sobre temas curriculares que impliquen a procura e selección da información procedente de diversas fontes e a súa transformación nun produto final a través do que o alumnado transfira as súas propias conclusións e as comunique de xeito orixinal e creativo.

10) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas.

11) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado. Aula virtual.

12) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo profesor ou profesora.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia; e uso da aula virtual.
Materiais de investigación e consulta.

Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Lingua Castelá e Literatura supón, ademais dos materiais teóricos necesarios para o desenvolvemento de cada unidade didáctica, o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise e comentario.

O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, convén traballar con discursos extraídos do ámbito académico, pero tamén dos xéneros xornalísticos e da publicidade, que aproximen os e as estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser críticos co contexto que os rodea.

A escolma de fragmentos e obras de lectura obrigatorias e voluntarias, como obxecto de observación, reflexión, comentario e crítica, pretende enriquecer a experiencia lectora do alumnado, a través de textos e autoras ou autores relevantes da literatura dos séculos XX e XXI, procedentes do patrimonio nacional, europeo e universal. Así mesmo, convén insistir no deseño de actividades que favorezan o desenvolvemento do pensamento abstracto e asociativo dos e das estudantes, establecendo as relacións histórico-culturais entre as obras literarias e outras manifestacións artísticas ou filosóficas do mesmo ou distinto período cronolóxico. Planificaranse, polo tanto, tarefas nas que prime a análise intra e intertextual, así como o estudo da evolución dos temas, tópicos, estruturas e códigos comunicativos ao longo da historia de literatura, en comunión cos cambios na mentalidade e na organización social.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade persoal, social e académica do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos literarios e non literarios, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material cinematográfico e audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalgunha das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación. Neste sentido, recoméndanse, entre outros, os seguintes materiais de consulta:

Diccionario da Real Academia Española: www.rae.es

Diccionario Panhispánico de Dúvidas: www.rae.es/dpd

Medios de comunicación: <https://www.prensaescrita.com/prensadigital.php>

Compilación da obra lírica dos poetas máis relevantes en lingua castelá: www.los-poetas.com

Espazo para a creación poética propia, a confección de libros virtuais, a compilación lírica e o comentario de textos de outros autores: www.poemas-del-alma.com

Ampla colección de audio e videopoemas: www.palabravirtual.com

Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes: <http://cervantesvirtual.com>

Testeando. Xogos de preguntas e respostas de opcións distribuídos por niveis educativos: <https://www.testeando.es/>

Portal de recursos educativos Leer.es: <https://leer.es/>

Materiales de Lengua y Literatura: <http://www.materialesdelengua.org/>

Aula de Letras: http://www.auladeletras.net/Aula_de_Letras/Inicio/Inicio.html

Morderse la lengua: https://cvc.cervantes.es/actcult/morderse_lengua/default.htm

Analizador morfosintáctico do Ministerio de Educación: <https://intef.es/?enlace=1&prev=2>

Páxina web do INTEF (Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado): <https://intef.es/>

es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/

Apuntes de Lengua: <http://www.apuntesdelengua.com/>

Didactalia: <https://didactalia.net/comunidad/materiaeducativo>

Proyecto Aula: <https://lenguayliteratura.org/proyectoaula/>

Educación 3.0: <https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/blogs-lengua-castellana-literatura-eso-bachillerato/>

En un lugar de la red: <https://enunlugardelared.wordpress.com/recursos-tic/>

educaLAB: <http://educalab.es/recursos/historico/asignaturas/lengua-castellana-literatura>

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Traballos escritos con dúas partes: comentario crítico de texto, resumo e/ou esquema como forma de avaliar a capacidade de comprensión e expresión escrita, no que mostre a súa madurez á hora de dar a súa opinión personal. E cuestionario con preguntas relativas a contidos curriculares básicos da materia a nivel de 1º de Bacharelato.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	1	20	39	40	100
Proba escrita	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

A cualificación de cada avaliación responderá ás seguintes porcentaxes:

1. Probas escritas: 80% Realizaranse unha ou dúas probas escritas de avaliación de contidos por trimestre. Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. Ademais dos coñecementos lingüísticos e literarios, valoraranse aspectos como a precisión nas respostas, a coherencia e a cohesión no discurso, a puntuación... Nestas probas preguntárase, ademais, sobre contidos teóricos relacionados coas obras de lectura obrigatoria. As probas seguirán o modelo da PAU 2025 publicado pola CIUG, así como os criterios de corrección do grupo de traballo para estas.

2. Avaliación do libro de lectura (entre os seleccionados pola ABAU): 10%. A longo do curso realizaranse catro probas de lectura para cada un dos libros establecidos como obrigatorios neste curso. A proba poderá ser oral ou escrita. A media das notas acadadas nestas catro probas de lectura, suporá o 10% da nota final. Este 10% irá variando en cada unha das avaliación a medida que se vaian sumando os resultados das distintas probas.

3. Actividades obrigatorias: 10% Estas actividades poderán ser realizadas tanto na aula, en hora de clase, como na casa. Os prazos indicados polo profesorado serán de obrigado cumprimento, polo que non se recollerán tarefas fóra de prazo. O titular da materia levará un control dos exercicios e das actividades propostas (comentarios de texto, presentacións orais, breves traballos de investigación...). Igual que no punto 2, a nota final será o resultado da media acadada ao longo do curso pola elaboración destas tarefas e suporá o 10% da nota final.

4. CORRECCIÓN FORMAL NAS PROBAS ESCRITAS: a corrección formal e a destreza no uso da lingua serán tamén avaliadas, de maneira que poderá reservarse en cada proba escrita unha porcentaxe de 2 puntos como máximo (20% da nota do exercicio) para cualificar os erros graves ou reiterados nos seguintes aspectos:

- carencias graves no referido á presentación do exercicio;
- uso de rexistros coloquiais ou vulgares na produción escrita;

- c. carencias relacionadas coa ordenación lóxica da información e coa estruturación dos parágrafos;
 - d. erros graves de puntuación ou do uso de conectores;
 - e. erros na ordenación lóxica das oracións;
 - f. erros continuados ou graves no uso das normas ortográficas: -0,25 por falta e -0,1 por til;
 - g. respostas limitadas a monosílabos ou telegráficas nas cuestións que esixan a composición ou elaboración dun tema.
- Estes aspectos deberán xustificarse de forma clara con anotacións no exercicio escrito.

Considerarase aprobada cada avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Para o resto das notas aplicárase o redondeo a partir do 0,75 na 1ª e 2ª avaliación e de 0,5 na 3ª.

Polo que respecta á cualificación da avaliación ordinaria esta é continua e acumulativa, polo que a nota final da materia será a da terceira avaliación.

Os alumnos que obteñan unha cualificación inferior a 5 puntos poderán facer unha proba de recuperación final no mes de maio que se valorará cun 100% da nota final, antes da avaliación ordinaria.

Considerarase superada a materia cando se obteña unha nota igual ou superior a 5.

Os alumnos que non superen a materia en maio poderán realizar en xuño o exame da avaliación extraordinaria, que terá como obxecto os contidos mínimos do curso, incluídas as lecturas obrigatorias. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Queda totalmente prohibido o uso de calquera mecanismo que poda inducir a copiar nun exame (chuletas, móbiles, reloxos intelixentes, pinganillos...) e o plaxio nos traballos presentados. Cando isto sexa detectado quedarán anulados automaticamente estes exames e/ou traballos, tendo o alumno/a que repetilos con posterioridade.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame global. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para o bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os alumnos e as alumnas, sexa cal sexa a súa condición persoal, poden aprender

sempre que a súa contorna educativa ofrezca condicións necesarias de acceso e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Así mesmo, empregaranse as ferramentas elaboradas pola Consellería para a prevención, detección precoz e tratamento da diversidade, como son os protocolos específicos dirixidos a favorecer a inclusión educativa do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - A defensa dos dereitos humanos.	X	X		X
ET.2 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.	X	X		X
ET.3 - O respecto polas diferenzas.	X	X	X	X
ET.4 - A formación estética.			X	X
ET.5 - O compromiso co desenvolvemento sostible.		X		
ET.6 - A educación para a saúde.	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	

Observacións:

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de autores e autoras.	Esta actividade posibilita que o alumnado coñeza de primeira man os recursos que os autores e autoras utilizan ao elaborar unha obra literaria. Permite que os e as estudantes participen en debates e coñezan as motivacións que levan aos escritores e escritoras a crear obras de arte.	X	X	X
Organización dun club de lectura.	Esta é unha actividade idónea para fomentar o gusto pola lectura de textos que non forman parte do currículo escolar. Tamén é unha actividade a través da que podemos fomentar a expresión oral e o debate en clase. Ademais, permite introducir temas transversais como o respecto pola quenda de palabra, a convivencia, o traballo en grupo e a formación estética.	X	X	X
Gravación de podcast con comentarios de textos literarios do programa.	O alumnado pode gravar comentarios de textos literarios de clase e facer unha posta en común dos trazos máis significativos deses textos co resto de compañeiros e compañeiras de clase. O comentario enriqueceríase coas achegas de todo o alumnado da clase.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Elaboración de booktráilers con recomendacións lectoras e exposicións dos mesmos.	Esta actividade, conectada co traballo do club de lectura, é idónea para abordar o fomento da lectura e a exposición de contidos realizada entre iguais. Ademais, as recomendacións propostas polo propio alumnado espertarán máis interese entre os e as estudantes.	X	X	X
Cine-Fórum.	O visionado de películas é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase ou nos clubs de lectura do centro. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as destrezas sociais (capacidades conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima das persoas participantes.	X	X	X
Certame literario día do libro	Actividade excelente para practicar a competencia escrita e a creatividade literaria		X	

Observacións:

Na maior parte das propostas sinalanse as tres avaliacións pois aínda non están totalmente concretadas e poderían ser en calquera delas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Puxéronse en práctica medidas para estimular o hábito lector.

Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade, infórmase o alumnado sobre os obxectivos propostos, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Explicáronse e corrixióronse as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
A planificación e a distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa ou coa materia pendente do curso anterior.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporcióname ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Medidas de atención á diversidade
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo).
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Realízanse as actividades complementarias programadas.

Descrición:

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados